



VERSIÓN 1.7. (26/11/2020)

“PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-2021”

DATOS DO CENTRO

Código	Denominación
32006358	CEIP PLURILINGÜE DO XURÉS

Enderezo	C.P.
RÚA DO PARAÑO Nº 31	32870

Localidade	Concello	Provincia
LOBIOS	LOBIOS	OURENSE

Teléfono	Correo electrónico
988448007	ceip.doxures@edu.xunta.gal

Páxina web
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdoxures/



Índice

1. Organización previa	4
2. Distribución alumnado en grupos estables e cadro de persoal.....	5
3. Medias xerais de centro e grupos estables de convivencia	6
4. Desenvolvemento do protocolo	9
4.1. Canle de comunicación co centro	9
4.2. Rexistro de ausencias.....	9
4.3. Comunicación de incidencias	10
5. Asignación de espazos de docencia e baños do centro	10
6. Funcionamento dos espazos de docencia.....	13
6.1 Aula 4º Educación Infantil.....	13
6.2. Aula 5º e 6º Educación Infantil.....	15
6.3. Aula 1º/2º Primaria	17
6.4. Aula 3º/4º Primaria	19
6.5. Aula 5º Primaria.....	21
6.6. Aula 6º Primaria.....	23
6.7. Aula Inglés 5º/6º Primaria.....	25
6.8. Aula Música 5º/6º Primaria.....	27
6.9. Aula Música e Psicomotricidade 4º Infantil.....	29
6.10. Aula Música e Psicomotricidade 5º/6º Infantil	31
6.11. Aula de PT/AL.....	33
7. Biblioteca	35
8. Educación Física	37
9. Inglés, Música e Relixión	38
10. Comedor escolar	39
11. Organización patios	42
12. Entrada/Saída centro. Transporte Escolar	44
13. Sala de mestres.....	45
14. Radio Escolar	46
15. Desprazamentos polo centro educativo.....	46
16. Relación coa Comunidade Educativa	47



16.1. Consello escolar	47
16.2. ANPA.....	47
16.3. Servizo Orientación para as familias	48
16.4. Titorías co mestre/a.....	48
16.5. Xestións administrativas	49
17. Actividades extraescolares.....	49
18. Protocolo de lavado de mans	50
19. Medidas de limpeza do centro	52
20. Material de protección	53
21. Xestión dos abrochos	54
22. Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade	58
23. Medidas específicas para o alumnado de educación infantil	59
24. Medidas específicas para o alumnado con NEE	62
25. Medidas de carácter formativo e pedagóxico	63
26. Difusión e seguimento do protocolo	65
Anexo I. Esquemas de movemento polos espazos do centro.....	66
Anexo II. Rexistro de Ausencias por Sintomatoloxía Compatible co COVID-19.....	78
Anexo III. Rexistro ventilación e desinfección aula/baño	79
Anexo IV. Rexistro Desinfección cociña/comedor.....	80
Anexo V. Limpeza doutros espazos do centro educativo	81
Anexo VI. Rexistro temperaturas alumnado transporte escolar.....	82
Anexo VII. Rexistro temperaturas alumnado non transporte escolar	83
Anexo VIII. Rexistro temperaturas persoal centro	84
Anexo IX. Relación de situacións de posible contaxio e medidas de tratamento	85
Anexo X. Relación de situacións de posible contaxio e medidas de tratamento en Educación Física ..86	
Anexo XI. Enquisa de autoavaliación clínica do Covid-19	87
Anexo XII. Declaración responsable familias	88
Anexo XIII. Protocolo a realizar dentro da aula de desinfección	89
Anexo XIV. Declaración responsable ausencia ante posible contacto cun positivo en COVID-19	90



1. Organización previa

Membros do equipo COVID			
Teléfono móbil de contacto		628506244	
Membro 1	Alberto Pérez Rodríguez	Cargo	Director/Coordinador Covid
Membro 2	Paula Fernández Santos		Mestra Primaria
Membro 3	Cristina Freire Rodríguez		Coordinadora Infantil
<ul style="list-style-type: none"> • Nomear membros e suplentes no equipo Covid-19. • Interlocución coa administración e co centro de saúde de referencia. • Coordinación do equipo Covid-19. • Xestionar a adquisición de material de protección necesario. • Comunicación de casos. • Coordinar o funcionamento de todo o centro. • Difundir información ao persoal docente e non docente do centro. • Difundir información ás familias do centro. 			
Centro de saúde de referencia			
Ce ntro	CENTRO DE SAÚDE DE LOBIOS	Teléfono	988448161
Persoa Contacto	Gloria García Cabañedos		
Espazo de illamento (ver Anexo XIII)			
<p>- Aula situada fronte a aula de sexto de Primaria, xunto a saída de emerxencia do piso primeiro.</p> <p>-Estará dotado de botiquín e de material de protección individual, como luvas e máscaras.</p> <p>-Dispón tamén de panos desbotables, baldes de lixo con tapa e pedal, máscara quirúrxica desbotables dispensador de xel e de xabón.</p>			



2. Distribución alumnado en grupos estables e cadro de persoal

Número de alumnos e alumnas por grupo estable	
4º educación infantil	6 alumnos/as
5º e 6º Educación Infantil	17 alumnos/as
1º e 2º Primaria	11 alumnos/as
3º e 4º Primaria	5 alumnos/as
5º Primaria	7 alumnos/as
6º Primaria	8 alumnos/as
TOTAL	53 alumnos/as

Outros grupos estables	
Aula Inglés 5/6 Primaria	15 alumnos/as
Aula Música 5/6 Primaria	15 alumnos/as
E. Física 5/6 Primaria	15 alumnos/as
Aula Música e Psicomotricidade 4º Infantil	6 alumnos/as
Aula Música e Psicomotricidade 5º/6º Infantil	17 alumnos/as
Aula PT	6 alumnos/as

Cadro de persoal do centro	
Educación Infantil	2 mestres/as
Educación Primaria	2 mestres/as
Mestres/as Especialistas	5 mestres/as
Orientación	1 mestre
Auxiliar de conversa	1 mestre
Programa Arco	Por determinar
Persoal non docente	2 persoas
TOTAL	13 persoas

Todos os Mestres interveñen en tódolos grupos agás os 2 Mestras de Infantil na etapa de Educación Primaria e os 2 Mestres de Educación Primaria na etapa de Educación Infantil (excepción de gardas de profesorado puntuais).



3. Medias xerais de centro e grupos estables de convivencia

Medidas xerais do centro:

- Establécese o uso obrigatorio de máscara para o alumnado que emprega o servizo de transporte escolar.
- Establécese o uso de máscara obligatoria e tódalas zonas comúns e nos desprazamentos polo centro.
- Establécese o emprego de máscara obligatoria en todo momento para o alumnado de Primaria.
- Establécese o emprego de máscara para todo o profesorado dende que accede ó recinto escolar.
- Establécese o emprego de máscara para calquera persoa que acceda ó recinto escolar que non sexa alumnado ou persoal do centro (familias, membros da ANPA, persoal doutras institucións, provedores, entre outros).
- Establécese a obrigatoriedade de realizar o protocolo de lavado de mans que se especifica no apartado correspondente do presente protocolo.
- Establécese a **obrigatoriedade** de realizar a **enquisa de autoavaliación** (Anexo XI) e **aceptar** os compromisos expostos na mesma e na **Declaración Responsable** (Anexo XII).
- Establécese a posibilidade de que antes de acceder ó interior do centro educativo o persoal do centro poida realizar a enquisa de autoavaliación de xeito verbal para descartar posibles casos no alumnado e como prevención de posible gromos entre a comunidade educativa.
- Establécese a **temperatura de 37,5 grados centígrados como máxima** para poder acceder o alumnado ó servizo de transporte escolar e o resto de alumnado, profesorado, persoal do centro, familias ou calquera outra persoa para acceder ao recinto educativo
- Establécese a obrigatoriedade de tomar a temperatura as familias do alumnado antes de acceder ao servizo de transporte escolar, comunicándolle a temperatura de xeito real e fidelino ós membros do servizo de transporte para que recollan a mesma no libro de rexistro establecido dende o centro.
- Establécese a obrigatoriedade de que as familias que acceden ó recinto escolar a pé, sen empregar o servizo de transporte, comuniquen antes de acceder ao centro educativo ó profesorado responsable do servizo de transporte, da temperatura real e fidelina para recollela no libro de rexistro.



- Establécese a posibilidade que dende o centro educativo se tomen a temperatura de posible alumnado sospeitoso de estado febril e se anote no libro de rexistro de temperatura.
- Establécese a obrigatoriedade de comunicar a temperatura real e fidelina e anotala no libro de rexistro correspondente de todo o persoal docente e non docente cada día antes de comezar a xornada de traballo.
- Nos desprazamentos dentro do centro deberase respectar os percorridos establecidos baixo a premisa de pegarse a parede da man dereita nos desprazamentos sen tocala preferiblemente. Deséñase un plano de desprazamentos básicos no centro (ver Anexo I).

Medidas xerais grupos estables de convivencia:

Os grupos estables de convivencia terán as mesmas normas que o resto á hora de actuar cando non estean na súa aula. Deste xeito empregarán a máscara nos espazos comúns e recreo, así como nos desprazamentos, nas entradas e saídas.

Aínda que carácter xeral e obrigatorio o emprego da máscara, dentro da propia aula poderanse establecer as seguintes medidas:

- O alumnado accederá con máscara a aula e unicamente poderá quitala cando estea sentado no seu sitio baixo a responsabilidade do mestre/a que estea co grupo nese momento e unha vez finalizada limpeza de mans e teña colocadas as súas prendas nos colgadores e o seu material organizado.
- Cada alumno terá que traer máscara de recambio xunto con estoxo/funda/caixa de gardado.
- Para desprazarse pola aula é preciso o emprego de máscara (ir ao encerado, consultar ao mestre/a, desprazarse por algún motivo xustificado, entre outras).
- A distribución dos espazos das distintas aulas especifícanse no apartado 6 do presente protocolo.
- Os grupos de traballo cooperativo reduciranse ó mínimo posible, entendendo que no caso de empregar esta metodoloxía de traballo os grupos sexan estables e non aleatorios ou non rotatorios.
- Cada alumno/a terá o seu propio kit básico de material de traballo a man para evitar desprazamentos (estoxo con obxectos de emprego máis común).



- Cando sexa necesario empregar material común, distribuirase en gabetas ou caixas, tendo que ser desinfectado unha vez finalizado o seu emprego, polo mestre/a que estea co grupo nese momento.
- Ó trasladarse de aula para levar a cabo as sesións de E.Física, Música, Inglés ou saír ao patio, deberán respectar o percorrido deseñado para o movemento dentro do centro, sempre baixo a premisa de pegarse a parede da man dereita nos desprazamentos sen tocala.
- Limitaranse ó máximo, na medida do posible, os movementos dentro da aula, e cando sexan imprescindibles será preciso o emprego da máscara en todo momento.
- Cada alumno/a contará con mesa dobre con caixas/gabetas de almacenamento para gardar o seu material sen necesidade de compartir espazo con outro/as alumnos/as. Nas aulas que se vexa preciso baixo o criterio do titor/a da mesma e sempre baixo a autorización previa do Equipo COVID poderanse crear novas zonas de gardado de material e estableceranse medidas precisas de desinfección e seguridade.
- Se é preciso que un alumno/a empregue o encerado, realizarase unha desinfección previa con xel desinfectante do rotulador que empregue tanto no convencional como no dixital (no caso de empregar a man no dixital desinfectarase previamente a man).
- Cando sexa preciso realizar presentación en voz alta para todo o grupo, empregarase máscara, pois é un momento sensible para que as gotículas alcancen unha maior distancia.
- Nas aulas con 15 ou máis alumnos dótanse as aulas de mamparas de protección entre mesas, tal e como se mostra nas aulas afectadas no presente protocolo (grupo estable de 5/6º Educación Infantil e a aula de Inglés 5º/6º de Primaria).
- Todo o profesorado especialista que entre na aula deberá empregar máscara e facer unha correcta desinfección de mans.
- Recoméndase a introdución no alumnado de Infantil do emprego de máscara na aula na maior continuidade de tempo posible.

Estas recomendacións permiten non variar en exceso a metodoloxía de traballo habitual no centro ao mesmo tempo que conseguen ter un pouco máis de seguridade na convivencia. Algunhas das restricións limitan a liberdade coa que habitualmente se movía o alumnado, pero a situación require dun pequeno esforzo.

4. Desenvolvemento do protocolo

4.1. Canle de comunicación co centro

Para dar a coñecer ó equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal do centro, e para a comunicación das familias co equipo COVID para informar incidencia e ausencias, establécense as seguintes vías:

- Persoal do centro:
 - Vía telefónica (preferiblemente): (coordinador Covid-19 preferiblemente ou centro)
 - Correo electrónico (último caso). ceip.doxures@edu.xunta.es
- Familias alumnado:
 - Telefonicamente chamando ó centro: 988448007
 - Correo electrónico (último caso). ceip.doxures@edu.xunta.es

4.2. Rexistro de ausencias

Existen dous modelos paralelos para o rexistro de asistencia do persoal e do alumnado.

Ó rexistro convencional empregado habitualmente (rexistro en Xade), engádese un específico para aquelas ausencias provocadas por sintomatoloxía compatible co covid-19.

As ausencias por sintomatoloxía compatible co Covid-19 tamén serán rexistradas no rexistro convencional, pero ó figurar no específico por Covid-19 quedará eximida a xustificación a efectos de apertura do protocolo de absentismo escolar (no caso do alumnado) e, ó mesmo tempo, permitirá activar as medidas necesarias en caso de confirmación do caso.

As follas de rexistro de ausencias por sintomatoloxía compatible serán entregadas cada fin de mes á persoa que exerce a Dirección do centro educativo (Ver Anexo II)

4.3. Comunicación de incidencias

O procedemento de comunicación das incidencias ás autoridades sanitarias e educativas será o seguinte:

- Aviso ó coordinador covid-19.
- A partir de aquí, establecerase a comunicación do coordinador covid-19 coas autoridades sanitarias e a familia do afectado:
 - Chamada telefónica á familia do afectado/a (no persoal do centro será optativo baixo a autorización verbal do mesmo). A familia do alumno/a debe presentarse no centro educativo e chamar ó pediatra do alumno/a para notificar síntomas (persoal do centro non pode realizar esta chamada ó servizo médico de referencia do alumno/a)
 - Chamada telefónica ó centro de saúde de referencia.
 - Comunicación coa Xefatura Territorial de Sanidade.
 - Subida de datos á aplicación Educovid.

5. Asignación de espazos de docencia e baños do centro

A asignación destes espazos do centro para o seu emprego organizarase en canto a seguinte nomenclatura para quedar recollido especificamente no presente protocolo (esta nomenclatura especificase no plano xeral do centro que se achega ó final da redacción do presente apartado).

Espazo	Nomenclatura		
Aula 5º e 6º Infantil	Aula Infantil 1	Baño mestra	Baño Comedor
		Baño alumnado 5º Infantil	Baño Infantil
		Baño alumnado 6º Infantil	Baño Comedor
Aula 4º Infantil	Aula Infantil 2	Baño infantil	
		Baño mestra	Baño ext.
Aula 1º e 2º Primaria	Aula 3	Baño mestra	Baño nenas
		Baño alumnas	Baño nenas
		Baño alumnos	Baño nenos
Aula 3º e 4º de Primaria	Aula 4	Baño mestre	Baño nenos
		Baño alumnas	Baño nenas
		Baño alumnos	Baño nenos




Aula 5º Primaria	Aula 5	Baño mestre	Baño M
		Baño alumnas	Vestiaro nenas
		Baño alumnos	Vestiaro nenos
Aula 6º Primaria	Aula 6	Baño mestre	Baño ext.
		Baño alumnas	Vestiaro nenas
		Baño alumnos	Vestiaro nenos
Aula Música 5º/6º Primaria	Aula Audiovisuais		
Aula Música e Psicomotricidade 4º Infantil	Aula Psicomotricidade		
Biblioteca	Biblioteca		
Aula Música e Psicomotricidade 5º/6º Infantil	Aula de Música		
Aula Audiovisuais	Audiovisuais		
Aula PT/AL	Aula PT/AL		
Aula Cuarentena	Aula Desinfección		
Aula Inglés 5º/6º	Inglés	Baño mestra: Baño F	

Establécense baños estables tal e como se explica na táboa adxunta.


Ademais dos relatados anteriormente o restantes membros do persoal do centro empregarán os seguintes baños:

- Auxiliar Técnico Educativo: baño Mestres
- Cociñeiro: baño cociña
- Mestra Relixión: baño ext.
- Orientador: baño ext.
- Mestre PT/AL: baño minusválidos
- Auxiliar conversa: baño minusválidos
- Docente ARCO: baño minusválidos.

Compre aclarar que o baño denominado *baño ext.*, conta con catro cubículos individuais con porta e pecho para que o usen 4 persoas con total seguridade e baixo as máximas medidas de hixiene.



Plano planta baixa



Plano planta primeira


6. Funcionamento dos espazos de docencia

6.1 Aula 4º Educación Infantil

Aula	Nomenclatura	Baño estable
Aula 4º Infantil	Aula Infantil 2	Alumnado: Baño Infantil cubículo 1
		Mestra: Baño ext.
Número alumnado: 6	Persoal implicados na aula: 6	

- A aula de 4º de Educación Infantil conta con 6 alumnos/as. Tal e como se recolle no plano que se presenta sobre a distribución da aula cumpre as medidas de distancias habendo máis de 2 metros entre cada mesa de alumnado.
- Ademais de gardar a distancia establécese para o alumnado material propio que terá sobre a súa mesa evitando ó máximo os desprazamentos e compartir material.
- No caso de compartir material que poida ser desinfectado pola mestra realizará tal tarefa unha vez que o alumnado deixe de empregalo, e no caso de non poder ser desinfectado (caso de libros, peluches, bonecos, xoguetes de trapo entre outros) pasarán á aula de desinfección para estar 1 semana en cuarentena antes de poder volver a empregalos.
- Ademais o alumnado seguirá as normas previstas no apartado 3 do presente plan na medida do posible, xa que as autoridades competentes non establecen o emprego de máscara dentro da propia aula.
- Cada alumno/a contará con un colgador na parede coa súa foto para identificalo e deixar alí a súa roupa de abrigo.
- O baño da aula é a primeira metade do baño da aula.
- O baño da mestra é o baño ext.

Esquema da aula con medidas de prevención nas distancias.




6.2. Aula 5º e 6º Educación Infantil

Aula	Nomenclatura	Baño estable		
Aula 5ºe 6º Infantil	Aula Infantil 1	Baño alumnado 5º Infantil: Baño aula		
		Baño alumnado 6º Infantil	Alumnas	Baño Comedor porta esquerda
			Alumnos	Baño Comedor porta dereita
		Baño mestra: Baño Comedor porta central		
Número alumnado: 17	Mestres implicados na aula: 6			

- A aula de 5º e 6º de Educación Infantil conta con 17 alumnos/as. Tal e como se recolle no plano as mesas empréganas 2 alumnos/as contrariados (en cruz), polo que se lle incorporan pantallas entre as mesas dobres para evitar contactos entre o alumnado e así manter as medidas sanitarias.
- Ademais de gardar a máxima distancia na medida do posible e de pór mamparas como medidas de protección, establécese para o alumnado material propio que terá sobre a súa mesa evitando ó máximo os desprazamentos e compartir material.
- No caso de compartir material que poida ser desinfectado pola mestra, realizará tal tarefa unha vez que o alumnado deixe de empregalo, e no caso de non poder ser desinfectado (caso de libros, peluches, bonecos, xoguetes de trapo entre outros) pasarán a aula de desinfección para estar 1 semana en cuarentena antes de poder volver a empregalos.
- Ademais o alumnado seguirá as normas previstas no apartado 3 do presente plan na medida do posible, xa que as autoridades competentes non establecen o emprego de máscara dentro da propia aula. Recoméndase o criterio de obrigatoriedade de máscara alterno debido a non haber máis de 2 metros de distancia entre alumnado.
- Cada alumno/a contará cun colgador na parede coa súa foto para identificalo e deixar alí a súa roupa de abrigo.
- O baño do alumnado de 5º de Educación Infantil é o propio da aula. O baño do alumnado de 6º de Educación Infantil é o do Comedor: porta esquerda para as alumnas e porta dereita para os alumnos.
- A mestra empregará o cubículo central do baño do Comedor.

A continuación móstrase esquema da aula con medidas de prevención nas distancias.




6.3. Aula 1º/2º Primaria

Aula	Nomenclatura	Baño estable
Aula 1ºe 2º Primaria	Aula 1º/2º	Alumnos: Baño nenos porta esquerda
		Mestra: Baño nenas porta central
		Alumnas: Baño nenas porta esquerda
Número alumnado: 10	Mestres implicados na aula: 6	

- A aula de 1º e 2º de Educación Primaria conta con 10 alumnos/as. Tal e como se recolle no plano que se presenta sobre a distribución da aula cumpre as medidas de distancias habendo máis de 2 metros entre cada mesa dobre do alumnado.
- Ademais de gardar a distancia, establécese para o alumnado material propio que terá sobre a súa mesa dobre evitando ó máximo os desprazamentos e compartir material, tendo unha bandexa sobre a mesa e unha caixa debaixo da mesa para gardar todos os materiais e evitar contactos.
- No caso de compartir material que poida ser desinfectado pola mestra, realizará tal tarefa unha vez que o alumnado deixe de empregalo, e no caso de non poder ser desinfectado (caso de libros, peluches, bonecos, xoguetes de trapo entre outros) pasarán a aula de desinfección para estar 1 semana en cuarentena antes de poder volver a empregalos.
- Ademais o alumnado seguirá as normas previstas no apartado 3 do presente plan na medida do posible. As autoridades competentes establecen o emprego de máscara dentro da propia aula. Debido a que existen máis de 2 metros de distancia pódese alternar o uso de non máscara cando o alumnado estea sentado no seu pupitre e sempre baixo o criterio e responsabilidade do mestre/a.
- Cada alumno contará cun colgador na parede coa súa foto para identificalo e deixar alí a súa roupa de abrigo.
- O baño asignado a aula distribúese da seguinte maneira: o baño nenas porta esquerda para alumnas; baño nenos porta esquerda para alumnos, e a porta central do baño nenas para a mestra.

A continuación móstrase esquema da aula con medidas de prevención nas distancias.




6.4. Aula 3º/4º Primaria

Aula	Nomenclatura	Baño estable
Aula 3º e 4º Primaria	Aula 3º/4º	Alumnos: Baño nenos porta dereita
		Mestre: Baño nenos porta central
		Alumnas: Baño nenas porta dereita
Número alumnado: 5	Mestres implicados na aula: 7	

- A aula de 3º e 4º de Educación Primaria conta con 5 alumnos/as. Tal e como se recolle no plano que se presenta sobre a distribución da aula cumpre as medidas de distancias habendo máis de 2 metros entre cada mesa dobre do alumnado.
- Ademais de gardar a distancia establécese para o alumnado material propio que terá sobre a súa mesa dobre evitando ó máximo os desprazamentos e compartir material, tendo unha bandexa sobre a mesa para gardar todos os materiais e evitar contactos.
- No caso de compartir material que poida ser desinfectado polo mestre realizará tal tarefa unha vez que o alumnado deixe de empregalo, e no caso de non poder ser desinfectado (caso de libros, bonecos, xoguetes de trapo entre outros) pasarán a aula de desinfección para estar 1 semana en cuarentena antes de poder volver a empregalos.
- Ademais o alumnado seguirá as normas previstas no apartado 3 do presente plan na medida do posible. As autoridades competentes establecen o emprego de máscara dentro da propia aula. Debido a que existen 2 metros de distancia pódese alternar o uso de non máscara cando o alumnado estea sentado no seu pupitre sempre baixo o criterio do mestre/a.
- Cada alumno contará cun colgador na parede coa súa foto para identificalo e deixar alí a súa roupa de abrigo.
- O baño asignado a aula distribúese da seguinte maneira: o baño das alumnas será o baño nenas porta dereita; baño nenos porta dereita para alumnos, e a porta central do baño nenos para o mestre.

A continuación móstrase esquema da aula con medidas de prevención nas distancias.




6.5. Aula 5º Primaria

Aula	Nomenclatura	Baño estable
Aula 5º Primaria	Aula 5º	Alumnos: vestuario nenos
		Mestre: Baño M
		Alumnas: Vestiario nenas
Número alumnado: 7	Mestres implicados na aula: 6	

- A aula de 5º de Educación Primaria conta con 7 alumnos/as. Tal e como se recolle no plano que se presenta sobre a distribución da aula cumpre as medidas de distancias habendo 2 metros entre cada mesa dobre do alumnado.
- Ademais de gardar a distancia establécese para o alumnado material propio que terá sobre a súa mesa dobre evitando ó máximo os desprazamentos e compartir material, tendo unha bandexa sobre a mesa para gardar todos os materiais e evitar contactos.
- No caso de compartir material que poida ser desinfectado polo mestre realizará tal tarefa unha vez que o alumnado deixe de empregalo, e no caso de non poder ser desinfectado (caso de libros, bonecos, xoguetes de trapo entre outros) pasarán a aula de desinfección para estar 1 semana en cuarentena antes de poder volver a empregalos.
- Ademais o alumnado seguirá as normas previstas no apartado 3 do presente plan na medida do posible. As autoridades competentes establecen o emprego de máscara dentro da propia aula. Debido a que existen 2 metros de distancia pódese alternar o uso de non máscara cando o alumnado estea sentado no seu pupitre sempre baixo o criterio do mestre/a.
- Cada alumno contará cun colgador na parede coa súa foto para identificalo e deixar alí a súa roupa de abrigo.
- O baño asignado a aula distribúese da seguinte maneira: o vestuario nenas para alumnas; vestuario nenos para alumnos, e o baño M para o mestre.

A continuación móstrase esquema da aula con medidas de prevención nas distancias.






6.6. Aula 6º Primaria

Aula	Nomenclatura	Baño estable
Aula 6º Primaria	Aula 6º	Alumnos: vestuario nenos
		Mestre: Baño ext.
		Alumnas: Vestuario nenas
Número alumnado: 8	Mestres implicados na aula: 6	

- A aula de 6º de Educación Primaria conta con 8 alumnos/as. Tal e como se recolle no plano que se presenta sobre a distribución da aula non cumpre as medidas de distancias non habendo 2 metros entre cada mesa dobre do alumnado.
- Ademais de manter a distancia máxima posible, establécese para o alumnado material propio que terá sobre a súa mesa dobre evitando ó máximo os desprazamentos e compartir material, tendo unha bandexa sobre a mesa para gardar todos os materiais e evitar contactos.
- No caso de compartir material que poida ser desinfectado polo mestre realizará tal tarefa una vez que o alumnado deixe de empregalo, e no caso de non poder ser desinfectado (caso de libros, bonecos, xoguetes de trapo entre outros) pasarán a aula de desinfección para estar 1 semana en cuarentena antes de poder volver a empregalos.
- Ademais o alumnado seguirá as normas previstas no apartado 3 do presente plan na medida do posible. As autoridades competentes establecen o emprego de máscara dentro da propia aula. Debido a que non existen 2 metros de distancia non se poderá alternar o uso de non máscara cando o alumnado estea sentado no seu pupitre
- Cada alumno contará cun colgador na parede coa súa foto para identificalo e deixar alí a súa roupa de abrigo.
- O baño asignado a aula distribúese da seguinte maneira: o vestuario nenas para alumnas; vestuario nenos para alumnos, e o baño ext. para o mestre.

A continuación móstrase esquema da aula con medidas de prevención nas distancias.






6.7. Aula Inglés 5º/6º Primaria

Aula	Nomenclatura	Baño estable
Aula Inglés 5º/6º Primaria	Aula Inglés	Alumnos: vestuario nenos
		Mestre: Baño F
		Alumnas: Vestuario nenas
Número alumnado: 15	Mestres implicados na aula: 2	

- A aula de Inglés de 5º/6º Primaria conta con 15 alumnos/as. Este agrupamento realízase tódolos anos no centro educativo ante a imposibilidade de compatibilizar os horarios docentes. Ante a situación do COVID-19 créase un espazo físico único para as sesións de Inglés do alumnado de 5º/6º de Primaria, a aula de Inglés, así diminuirán as posibilidades de contaxio xa que o resto de sesións dos diferentes cursos serán impartidas pola mestra especialista na propia aula de titoría dos diferentes grupos estables de alumnado.
- Tal e como se recolle no plano que se presenta sobre a distribución da aula non se cumpren as medidas de distancias non habendo 2 metros entre cada mesa de dous alumnos (3 mesas para dous alumnos con mampara de separación) ou a mesa larga con mamparas laterais e frontais entre o alumnado para manter as medidas preventivas sanitarias.
- Ademais de gardar a distancia máxima posible, establécese para o alumnado material propio que terá sobre a súa mesa dobre evitando ó máximo os desprazamentos e compartir material.
- No caso de compartir material que poida ser desinfectado pola mestra, realizará tal tarefa una vez que o alumnado deixe de empregalo, e no caso de non poder ser desinfectado (caso de libros, bonecos, xoguetes de trapo entre outros) pasarán a aula de desinfección para estar 1 semana en cuarentena antes de poder volver a empregalos.
- Ademais o alumnado seguirá as normas previstas no apartado 3 do presente plan na medida do posible. As autoridades competentes establecen o emprego de máscara dentro da propia aula. Debido a que non existe a distancia de 2 metros establécese o criterio de non quitar a máscara durante se prevaleza nesta aula.
- O baño asignado a aula distribúese da seguinte maneira: o vestuario nenas para alumnas; vestuario nenos para alumnos, e o baño F. para a mestra.




Esquema da aula con medidas de prevención nas distancias.



6.8. Aula Música 5º/6º Primaria

Aula	Nomenclatura	Baño estable
Aula Música 5º/6º Primaria	Aula Audiovisuais	Alumnos: vestuario nenos
		Mestre: Baño ext.
		Alumnas: Vestuario nenas
Número alumnado: 15	Mestres implicados na aula: 1	

- A aula de Música de 5º/6º Primaria conta con 15 alumnos/as. Este agrupamento realizase tódolos anos no centro educativo ante a imposibilidade de compatibilizar os horarios docentes. Ante a situación do COVID-19 crease un espazo físico único para as sesións de Música do alumnado de 5º/6º de Primaria, a aula de Audiovisuais. Deste xeito, diminúen as posibilidades de contaxio xa que o resto de sesións dos diferentes cursos serán impartidas polo mestre especialista na propia aula de titoría dos diferentes grupos de alumnado, a excepción das aulas de Infantil que tamén se creará espazo propio tal e como se relatará nos seguintes puntos do presente protocolo.
- Tal e como se recolle no plano que se presenta sobre a distribución da aula non se cumpren as medidas de distancias non habendo 2 metros entre cada cadeira de pa. Polo tanto establécese a obrigatoriedade de uso de máscara agás nos momentos de tocar a fruta/cantar no que se manterá unha distancia de 3 metros para poder realizar esta actividade.
- Ademais de gardar a distancia establécese para o alumnado material propio evitando ó máximo os desprazamentos e compartir material.
- No caso de compartir material que poida ser desinfectado polo mestre, realizará tal tarefa unha vez que o alumnado deixe de empregalo, e no caso de non poder ser desinfectado (caso de libros, bonecos, xoguetes de trapo entre outros) pasarán a aula de desinfección para estar 1 semana en cuarentena antes de poder volver a empregalos.
- Cada alumno/a contará cunha cadeira asignada coa súa imaxe e so se poderá cambiar a asignación previa cuarentena de dez 10 naturais da aula (por exemplo, nas vacacións de Nadal, Semana Santa) e autorización do equipo COVID.
- O baño asignado a aula distribúese da seguinte maneira: o vestuario nenas para alumnas; vestuario nenos para alumnos, e o baño ext. para o mestre.




Móstrase esquema da aula con medidas de prevención nas distancias.



6.9. Aula Música e Psicomotricidade 4º Infantil

Aula	Nomenclatura	Baño estable
Aula Psicomotricidade e Música 4º Infantil	Aula Psicomotricidade	Alumnos: porta esquerda baño comedor
		Mestres: Baño ext.
		Alumnas: porta dereita baño comedor
Número alumnado: 6	Mestres implicados na aula: 2	

- A aula de Psicomotricidade e Música de 4º Infantil conta con 6 alumnos/as. Este agrupamento realízase tódolos anos no centro educativo ante a imposibilidade de compatibilizar os horarios docentes. Ante a situación do COVID-19 créase un espazo físico único para as sesións de Psicomotricidade e Música do alumnado de 4º de Infantil, a aula de Música. Deste xeito reduciranse as posibilidades de contaxio xa que será un espazo estable para o alumnado.
- Tal e como se recolle no plano que se presenta sobre a distribución da aula cúmprense as medidas de distancias habendo 2 metros entre cada cadeira de pa. Polo tanto non se establécese a obrigatoriedade de uso de máscara tanto por distancia como por tratarase de alumnado de Educación Infantil, aínda que se recomenda o inicio do emprego da mesma na maior continuidade de tempo posible neste alumnado.
- Ademais de gardar a distancia, establécese para o alumnado material propio evitando ó máximo os desprazamentos e compartir material.
- No caso de compartir material que poida ser desinfectado polo mestre, realizará esta tarefa unha vez que o alumnado deixe de empregalo, e no caso de non poder ser desinfectado (caso de libros, bonecos, xoguetes de trapo entre outros) pasarán a aula de desinfección para estar 1 semana en cuarentena antes de poder volver a empregalos.
- Cada alumno/a contará cunha marca no chan asignada coa súa imaxe que lle servirá de referencia para situarse na aula mentres o mestre non considere realizar movementos polo espazo baixo a súa supervisión e so se poderá cambiar a asignación previa cuarentena de dez 10 naturais da aula (por exemplo, nas vacacións de Nadal, Semana Santa), e trala autorización do equipo COVID.




Móstrase esquema da aula con medidas de prevención nas distancias.



6.10. Aula Música e Psicomotricidade 5º/6º Infantil

Aula	Nomenclatura	Baño estable
Aula Psicomotricidade e Música 5º/6º Infantil	Aula Música	Alumnos: baño aula urinario fondo
		Mestres: Baño ext.
		Alumnas: baño aula urinario esquerda
Número alumnado: 17	Mestres implicados na aula: 2	

- A aula de Psicomotricidade e Música de 5º/6º Infantil conta con 16 alumnos/as. Este agrupamento realízase tódolos anos no centro educativo ante a imposibilidade de compatibilizar os horarios docentes. Ante a situación do COVID-19 créase un espazo físico único para as sesións de Psicomotricidade e Música do alumnado de 5º/6º de Infantil, a aula de Música. Deste xeito, reduciranse as posibilidades de contaxio xa que será un espazo estable para o alumnado.
- Tal e como se recolle no plano que se presenta sobre a distribución da aula non se cumpren as medidas de distancia, non habendo 2 metros entre cada marca no chan. Polo tanto, establécese a recomendación de uso de máscara, xa que ó ser alumnado de Infantil non se pode establecer a obrigatoriedade da mesma, empregando no maior continuidade posible de tempo a mesma.
- Ademais de gardar a maior distancia posible, establécese para o alumnado material propio evitando ó máximo os desprazamentos e compartir material.
- No caso de compartir material que poida ser desinfectado pola mestra realizará tal tarefa una vez que o alumnado deixe de empregalo, e no caso de non poder ser desinfectado (caso de libros, bonecos, xoguetes de trapo entre outros) pasarán a aula de desinfección para estar 1 semana en cuarentena antes de poder volver a empregalos.
- Cada alumno/a contará cunha marca no chan asignada coa súa imaxe que lle servirá de referencia para situarse na aula mentres o mestre non considere realizar movementos polo espazo baixo a súa supervisión e so se poderá cambiar a asignación previa cuarentena de dez 10 naturais da aula (por exemplo, nas vacacións de Nadal, Semana Santa) e autorización do equipo COVID.



Móstrase esquema da aula con medidas de prevención nas distancias.

6.11. Aula de PT/AL

Aula	Nomenclatura	Baño estable
Aula PT/AL	Aula PT/AL	
		Mestre: Baño minusválidos
Número alumnado: 6	Mestres implicados na aula: 1	

- A aula de PT/AL conta a inicio do curso escolar con 6 alumnos/as, aínda que debido a situación da pandemia ou das necesidades que poida presentar o alumnado pode variar este número.
- A aula contará cun espazo físico e zona de traballo asignada a cada alumno/a coa súa foto.
- Tal e como se recolle no plano que se presenta sobre a distribución da aula cúmprense as medidas de distancias habendo 2 metros entre cada sitio no que se senta o alumnado, xa que acudirán individualmente a este espazo ou excepcionalmente por parellas.
- Ademais de gardar a distancia establécese para o alumnado material propio que evitando ó máximo os desprazamentos e compartir material.
- No caso de compartir material que poida ser desinfectado polo mestre, realizará esta tarefa unha vez que o alumnado deixe de empregalo, e no caso de non poder ser desinfectado (caso de libros, bonecos, xoguetes de trapo entre outros) pasarán a aula de desinfección para estar 1 semana en cuarentena antes de poder volver a empregalos.
- Para os desprazamentos polo centro ata chegar a aula antedita establécese a obrigatoriedade de emprego de máscara e seguir as normas do apartado de desprazamentos polo centro do presente protocolo.
- Para o alumnado de Educación Primaria que acuda a este espazo será obrigatorio o emprego da máscara en todo momento, e poderá unha vez este sentado no seu sitio e sempre baixo o criterio do mestre, sacala en momentos determinados das sesións de traballo.



Móstrase esquema da aula con medidas de prevención nas distancias.




7. Biblioteca

- A Biblioteca é o espazo máis grande co que conta o centro educativo (130 m² aprox.). A Biblioteca do centro é dende fai varios anos o motor dinamizador de actividades para o centro educativo. Debido a situación actual cambiarase a organización deste espazo para que o alumnado dos diferentes grupos estables, non coincida nel simultaneamente.
- Polo tanto realízase un cadro de distribución horaria semanal para organizar os grupos estables durante todo a xornada lectiva e no tempo de lecer de 11:50 a 12:20 (nos tempos de lecer é obrigatorio acudir á Biblioteca) en base os grupos estables de convivencia do centro:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
5º/6º Infantil	4º Infantil	3º/4º Primaria	1º/2º Primaria	5/6º Primaria

- A Biblioteca conta con andeis diferenciados por cores divididos por ciclos do alumnado en espazos diferenciados.
- Ademais de gardar a distancia establécese para o alumnado que os libros de lectura que empreguen pasarán a estar en cuarentena 7 días na aula de desinfección, e so poderán empregar os libros de lectura do seu ciclo de referencia (Infantil, 1º ciclo Primaria, 2º ciclo Primaria e 3º ciclo Primaria).
- No caso de empregar material (xogos, ordenadores, tabletas) que poida ser desinfectado polo/a mestre/a, realizará tal tarefa unha vez que o alumnado deixe de empregalo, e no caso de non poder ser desinfectado (caso de libros, bonecos, xoguetes de trapo entre outros) pasarán a aula de desinfección para estar 1 semana en cuarentena antes de poder volver a empregalos.
- Para os desprazamentos polo centro ata chegar a Biblioteca establécese a obrigatoriedade de emprego de máscara.
- Na Biblioteca é obrigatorio o emprego de máscara para o alumnado de educación Primaria, e recoméndase o emprego coa maior continuidade no tempo posible para o alumnado de Educación Infantil.



Móstrase esquema da aula.



8. Educación Física

- A materia de Educación física realizarase nos grupos estables establecidos no centro educativo.
- Tal e como se relatou no apartado 6, existen espazos propios para a Educación Física para o alumnado de Educación Infantil:
 - 4º Educación Infantil: Aula de Psicomotricidade.
 - 5º/6º educación Infantil: Aula de Música.
- Debido ó baixo número de alumnado que hai entre 1º e 4º de Primaria, créase este grupo (1º/2º/3º/4º Primaria) para o desenvolvemento das sesións desta materia e empregarán no patio exterior a súa zona de xogo, zona entrada colexio (ver apartado organización patios para máis información) cando as condicións metereolóxicas o permitan e o ximnasio do centro educativo cando o tempo non permita estar fóra. Empregarán para cambiarse os baños asignados a cada aula, mantendo así os baños estables (se fose preciso a Auxiliar Técnico Educativo colaborará na supervisión do baño das nenas).
- O alumnado de 5º/6º de Primaria empregará a zona do patio de arriba (ver apartado organización patios para máis información) cando as condicións metereolóxicas o permitan e o ximnasio do centro educativo cando o tempo non permita estar fóra. Empregarán para cambiarse os baños asignados a cada aula, mantendo así os baños estables. (se fose preciso a Auxiliar Técnico Educativo colaborará na supervisión do baño das nenas).
- O ximnasio organizarase a nivel de horario do alumnado dos grupos de Primaria para que non coincidan no mesmo día as súas sesións, e no caso de coincidir por incompatibilidade horaria, nunca será empregado o ximnasio sen realizar a desinfección previa (ver apartado Limpeza do presente protocolo, para coñecer horarios de limpeza).
- O emprego da máscara en Educación Primaria será obrigatoria en todo momento, salvo nas actividades que baixo a supervisión do mestre e debido a actividade física, permitan quitar a máscara ó alumnado con seguridade.
- No caso de empregar material que poida ser desinfectado polo mestre realizará esta tarefa unha vez que o alumnado deixe de empregalo, e no caso de non poder ser desinfectado pasarán a aula de desinfección para estar 1 semana en cuarentena antes de poder volver a empregalos.

- Colocaranse marcas no chan do ximnasio e nos espazos no exterior de cada grupo estable para que o alumnado teña unha referencia de situación nos tempos de volta a clama, comezo e final de sesión, entre outros momentos.

9. Inglés, Música e Relixión

- As materias de Inglés, Música e Relixión serán impartidas na aula de referencia do alumnado, para evitar compartir aulas os grupos estables, a excepción dos grupos que teñen creadas aulas propias para estas especialidades, (ver apartado 6, do presente protocolo). Polo tanto, o/a mestre/a especialista empregará a aula do grupo de referencia para evitar desprazamentos e compartir espazos.
- A organización dos grupos estables con respecto o seu espazo queda reflectida na seguinte táboa:

Grupo estable	Espazo de docencia	
4º Infantil	Inglés:	Aula propia
	Música e Psicomotricidade	Aula de Psicomotricidade
5º/6º Infantil	Inglés:	Aula propia
	Música e Psicomotricidade	Aula de Música
1º/2º Primaria	Aula propia	
3º/4º Primaria	Aula Propia	
5º Primaria	Relixión	Aula propia
	Música	Aula Audiovisuais
	Inglés	Aula Inglés
6º Primaria	Relixión	Aula propia
	Música	Aula Audiovisuais
	Inglés	Aula Inglés

- O emprego da máscara en Educación Primaria será obrigatoria en todo momento, salvo na actividade de tocar a fruta/cantar que será baixo a supervisión do mestre sempre e cando o alumnado estea sentado no seu sitio de referencia e haxa unha distancia de 3 metros para cantar ou tocar a fruta.
- No alumnado de Educación Infantil recoméndase a iniciación do emprego da máscara na maior continuidades de tempo posible.



- Nos desprazamentos polo centro a máscara é obrigatoria para todo o alumnado.
- No caso de empregar material que poida ser desinfectado polo/a mestre/a, realizará tal tarefa unha vez que o alumnado deixe de empregalo, e no caso de non poder ser desinfectado pasarán a aula de desinfección para estar 1 semana en cuarentena antes de poder volver a empregalos.
- Os baños do alumnado son os de referencia para o seu grupo estable e o dos mestres son os estipulados para cada un especificados no apartado 2 do presente protocolo.

10. Comedor escolar


- O horario do comedor escolar no centro educativo é o seguinte: de 13:30 horas a 15:00 horas (meses de outubro a maio) e de 14.30 a 15:45 nos meses de setembro e xuño.
- Debido a que o comedor escolar conta con 53 usuarios alumnos e 8 usuarios do persoal do centro establécense dous espazos para o alumnado (comedor e salón de actos) e a zona de comer os mestres para poder comer e dúas quendas de comida, organizadas da seguinte maneira:

	Setembro e xuño	Outubro a maio	Espazo	Usuarios
Quenda 1	14:30 – 15:00	13:30 - 14:00	Comedor	Infantil e 1º-2º Primaria
			Salón de actos	3º-4º-5º-6º Primaria
			Zona comer mestres	2 mestres de comedor
Quenda 2	15:00 – 15:30	14:00 - 14.30	Resto persoal centro: 4 persoas na mesa de mestres e 2 na mesa de 1º/2º primaria	


- 2 mestres serven a comida do comedor e axudan nas tarefas de comer no comedor do alumnado mais cativo. Os outros 2 mestres comen no salón de actos á vez que o alumnado e vixían para que o alumnado cumpra as normas.
- Unha vez que o alumnado acabou de comer, os 4 mestres acompañan na tarefa de lavado de mans (o lavado de dentes queda suspendido ata que as autoridades sanitarias o permitan) do alumnado (respectando os baños asignados).
- Despois de que o alumnado lava as mans, sae as zonas de xogo do patio asignadas quedando vixiados polos 2 mestres que comeron no salón de actos. Os outros 2 mestres comen no comedor.

- O acabar de comer, saen a axudar ós outros 2 mestres nas tarefas de patio.
- Ó finalizar o tempo de comedor desinfectarase o comedor e airearase para o seguinte día por parte do persoal de cociña (Anexo IV).
- Os baños do alumnado son os de referencia para o seu grupo estable e o dos mestres son os estipulados para cada un especificados no apartado 2 do presente protocolo.
- O emprego da máscara no alumnado de Primaria é obrigatoria en todo momento salvo no momento de estar sentado para comer.
- O emprego da máscara no alumnado de Infantil é obrigatoria nos desprazamentos e cando se atopen no patio do centro despois de comer.
- O alumando terá sitios fixos estará separado por mamparas cando sexa preciso.

A continuación presentase o esquema do comedor



- O esquema do salón de actos:




- Na entrada do comedor estarán os planos coa imaxe e nome de cada sitio asignado ó alumnado, que tendo en conta o Protocolo de Protección de datos, no presente documento non se incorporan para evitar posibles difusión indebidas.
- Realizarase tamén un control diario de asistencia do alumnado de comedor.



11. Organización patios

- O horario dos patios para o alumnado do centro educativo é o seguinte:
 - 11:50 – 12:20 para todo o alumnado (tendo en conta a distribución do uso da Biblioteca, polo que nesta quenda nunca estará o alumnado completo do centro á vez no patio).
 - 14:00 -15:00: Todo o alumnado despois de comer, cada aula na súa zona de patio.
- Establécese o emprego de máscara para os desprazamentos ata o patio e o seu emprego no mesmo.
- Independentemente da quenda de patio na que se atope o alumnado, os grupos estables sempre terán unha zona de xogo que deberán respectar.
- Os patios estarán vixiados da seguinte maneira:
 - 3 mestres na quenda de 11:50 – 12:20 (o mestre 4 estará na Biblioteca co grupo que lle corresponda por día na organización da Biblioteca).
 - Quenda 14:00 - 15:00: 2 mestres/as ó principio do patio; 4 mestres despois de comer os 2 mestres que fan tarefas de axudar no comedor ós mais pequenos.
- Para os días de bo tempo móstrase a continuación esquema de organización dos patios por aulas.
- Para os días de climatoloxía adversa configúranse os patios en espazos fixos (respectando sempre o horario de Biblioteca asignado para o tempo de lecer da mañá a cada grupo) independentemente da quenda:
 - 4º Infantil: Sala de Psicomotricidade con un mestre/a.
 - 5º/6º Infantil: Aula Música con un mestre/a.
 - 1º/2º/3º/4º Primaria: mesmo espazo do patio cun mestre/a (conta con dársena para evitar a choiva).
 - 5º/6º Primaria: Patio cuberto con un mestre/a.
 - *Sinalar de ter en conta que o mestre que quede libre na quenda da mañá ten que ocupar o espazo dun dos outros 3 grupos, xa que nese tempo de lecer un mestre/a estará na Biblioteca con algún grupo).*

A zona de xogo cando hai condicións metereolóxicas favorables móstrase a continuación:



- O alumnado de Infantil alternará semanalmente o espazo de xogo para poder empregar os columpios e areiro tal e como se recolle no apartado 23, medidas específicas para alumnado de Infantil. Esta rotación farase semanalmente e tras comprobar o equipo COVID que o concello realizou a desinfección programada para tódolos venres dos patios.
- A iniciativa de Horto Escolar quedará configurada do seguinte xeito: cada grupo estable terá un bancal que se distribuirá a comezo de curso e que se identificará



con un cartel. O material que empregue o alumnado será desinfectado polo mestre/a o acabar de empregalo.

- A iniciativa EcoGranxa do Xurés queda suspendida ata que a situación sanitaria mellore.

12. Entrada/Saída centro. Transporte Escolar

- Tal e como se recolle no apartado 3 do presente protocolo, medidas xerais, establécese a obrigatoriedade de tomar a temperatura ó alumnado e o persoal do centro antes de acceder ao mesmo do seguinte xeito:
 - Establécese a obrigatoriedade de tomar a temperatura as familias do alumnado antes de acceder ó servizo de transporte escolar, comunicándolle a temperatura de xeito real e fidelino ós membros do servizo de transporte para que recollan a mesma no libro de rexistro establecido dende o centro.
 - Establécese a obrigatoriedade de que as familias que acceden ó recinto escolar a pé, sen empregar o servizo de transporte, comuniquen antes de acceder ó centro educativo ó profesorado responsable do servizo de transporte, da temperatura real e fidelina para recollela no libro de rexistro.
 - Establécese a posibilidade que dende o centro educativo se tome a temperatura de posible alumnado sospeitoso de estado febril e se anote no libro de rexistro de temperatura.
 - Establécese a obrigatoriedade de comunicar a temperatura real e fidelina e anotala no libro de rexistro correspondente de todo o persoal docente e non docente cada día antes de comezar a xornada de traballo.
- Colocarase unha alfombra coa solución de auga e lixivia na porta de acceso ó patio do centro para que toda persoa que acceda ó mesmo desinfecte a superficie do calzado en contacto co chan (1 membro do equipo COVID encargarse de velar porque conteña sempre a antedita solución).
- Colocarase un dispensador de xel para a limpeza de mans antes de acceder ó centro educativo.
- As familias que acoden a pé ó centro co alumnado deixarán ó alumnado na porta de entrada (previa comunicación temperatura ó mestre/a que se atope na entrada), evitando acceder ó recinto escolar innecesariamente. O alumnado



pasará pola zona de desinfección e percorrera o patio cara a súa zona de entrada e accederá ó edificio pola súa zona establecida (ver apartado Anexo I de desprazamentos xerais polo centro).

- O alumnado que acuda ó centro escolar a través do servizo de transporte escolar, baixará en fila, pasará pola zona de desinfección e percorrera o patio cara a súa zona delimitada e accederá ó edificio pola súa zona establecida. (ver apartado Anexo I de desprazamentos xerais polo centro).
- A zonas establecidas para que o alumnado acceda ao recinto educativo son as seguintes:
 - Alumnado de Infantil: Entrada Principal:
 - Alumnado 1º/2º/3º/4º Primaria: porta piso superior
 - Alumnado 5º/6º Primaria: porta acceso Vestiarios e Psicomotricidade
- As saídas do recinto educativo serán pola mesma porta de entrada ó edificio establecidas para o alumnado, tendo que ser acompañados polo profesorado que se atope cos mesmos no momento de saír.
- O profesorado no momento de que o alumnado accede ó edificio escolar á hora de comezo da xornada escolar, despois do recreo e despois de comer ten que esperar ó alumnado no seu baño asignado para realizar o protocolo de lavado de mans (ver apartado protocolo lavado de mans).

13. Sala de mestres

- A máscara para o profesorado ou persoal do centro é obrigatoria en todo momento.
- Na porta de entrada estará a zona de desinfección co hidroxel para empregar antes de acceder á mesma e pistola para desinfectar materiais.
- Asignarase un sitio de reunión fixo para cada mestre/a do claustro, empregando as pantallas de protección para a mesa no caso de aumentar o número de profesorado no claustro.
- Será obrigatoria o emprego de desinfectante para a pel antes de manipular a fotocopidora.
- Os dous ordenadores dos que conta a sala de mestres distribuiranse da seguinte forma (entre cada ordenador haberá desinfectante):
 - Ordenador mesa esquerdo: queda destinado exclusivamente para engadir un usb e imprimir o material que o mestre/a teña no seu usb.



- Ordenador mesa dereito: queda para o persoal laboral faga as súas tarefas.
- Nas reunións de Consello Escolar empregárase a mesa de reunións, previa desinfección no caso de que fose empregada previamente polo profesorado.
- O material da sala de mestres non poderá ser manoseado, empregando cada mestre/a ou collendo o que lle sexa preciso, e no caso de ser material non funxible (pistolas de cola termofusible, plastificadora, cortadora, por exemplo) deberá cada mestre/a desinfectalo o acabar de empregalo (haberá pistola de desinfección na mesa de desinfección).
- Cada mestre terá unha taquilla que deberá de custodiar (conta con cerre de chave) e encargarse de desinfectar.

14. Radio Escolar

- Na entrada da radio escolar haberá unha mesa de desinfección con xel.
- O aforo máximo da radio escolar é de 5 persoas.
- Para ser empregada a radio Escolar haberá que pedir cita previa ó Responsable da Biblioteca Escolar, concretándolle día e hora para asegurarse de que o espazo estea desinfectado. Por este motivo establécese que se comunique ou inicie o proceso de solicitude de emprego deste espazo con unha semana de antelación.
- O responsable da Biblioteca Escolar non poderá confirmar a cita co mestre/a solicitante ata corroborar co equipo COVID que o espazo está apto para ser empregado.

15. Desprazamentos polo centro educativo

- Nos desprazamentos dentro do centro deberase respectar no percorrido a premisa de pegarse a parede da man dereita nos desprazamentos sen tocala. Deséñase un plano de desprazamento básico do centro e tamén un plano de como acceder cada grupo ó interior da súa aula (ver Anexo 1, Desprazamentos polo centro educativo).

16. Relación coa Comunidade Educativa

Unha vez establecida a organización do alumnado e dos espazos que empregan durante a súa formación no día a día, é preciso determinar a relación co resto da Comunidade Educativa (familias, ANPA, reunións, titorías, servizo de orientación por parte das familias, xestións administrativas..)

16.1. Consello escolar

- O Consello Escolar reunirase cando sexa perceptivo e baixo convocatoria previa, no espazo da sala de mestres.
- Para acceder ao centro educativo empregarase o itinerario especificado no Anexo I, e empregarase o material de desinfección de mans e calzado situado na porta de acceso ó patio do centro educativo.
- Na sala de mestres haberá na entrada material de desinfección para ser empregado obrigatoriamente polos membros do Consello Escolar.
- Trala reunión do Consello Escolar a mesa de reunións non será empregada ata ser desinfectada (preferiblemente o horario de reunións do Consello Escolar será de 14:30 a 15:00 horas para que non exista a necesidade de emprego da mesa de reunións ata finalizar o día).
- Será obrigatorio o emprego de máscara en todo momento e no caso de empregar material (bolígrafos ou calquera outro tipo) o Director do centro será o encargado de desinfectalo tralo seu uso.

16.2. ANPA

- A ANPA reunirase coa dirección do centro sempre que o estime oportuno baixo cita previa para evitar non ser atendida polo director do centro, debido a organización horaria do centro, no espazo da sala de mestres.
- Para acceder ao centro educativo empregarase o itinerario especificado no Anexo I, e empregarase o material de desinfección de mans e calzado situado na porta de acceso ó patio do centro educativo.
- Na sala de mestres haberá na entrada material de desinfección para ser empregado obrigatoriamente polos membros da ANPA.
- Trala reunión coa ANPA a mesa de reunións non será empregada ata ser desinfectada (preferiblemente o horario de reunións cos membros da ANPA

será despois das 16:40 horas para que non exista a necesidade de emprego da mesa de reunións antes de desinfectala).

- Será obrigatorio o emprego de máscara en todo momento e no caso de empregar material (bolígrafos ou calquera outro tipo) o Director do centro será o encargado de desinfectalo tralo seu uso.

16.3. Servizo Orientación para as familias

- As familias poderán solicitar acudir ao servizo de Orientación sempre que o consideren oportuno baixo cita previa para evitar non ser atendida polo Orientador do centro, xa que non se atopa no mesmo tódolos días (queda pendente concretar os días que o orientador do centro estará no mesmo)
- Para acceder ao centro educativo empregárase o itinerario especificado no Anexo I, e empregárase o material de desinfección de mans e calzado situado na porta de acceso ó patio do centro educativo.
- As reunións realizaranse no despacho do Orientador mantendo a obrigatoriedade do emprego da máscara en todo momento. En caso de empregar bolígrafo ou outro material na reunión, o Orientador do centro será o encargado de desinfectalo tras seu uso ó igual que a mesa e cadeira de reunión empregada coas familias.

16.4. Titorías co mestre/a

- As familias poderán solicitar titoría co mestre/a sempre que o consideren oportuno baixo cita previa para evitar non ser atendida polo titor/a que precisen, debido a organización horario do centro educativo.
- Para acceder ó centro educativo empregárase o itinerario especificado no Anexo I, e empregárase o material de desinfección de mans e calzado situado na porta de acceso ó patio do centro educativo.
- As reunións realizaranse na aula de cada titor/a.
- Será obrigatorio o emprego da máscara en todo momento. En caso de empregar bolígrafo ou outro material na reunión, o titor/a será o/a encargado/a de desinfectalo tras seu uso.

16.5. Xestións administrativas

- As xestións administrativas serán realizadas polas familias preferiblemente telefonicamente ou telematicamente.
- Cando esta circunstancia non sexa posible, pedirán cita previa ó centro para asegurarse de que poidan ser atendidas pola dirección do centro.
- Para acceder ó centro educativo empregarase o itinerario especificado no Anexo I, e empregarase o material de desinfección de mans e calzado situado na porta de acceso ó patio do centro educativo.
- As xestións realizaranse individualmente no despacho de dirección do centro educativo.
- Será obrigatorio o emprego da máscara en todo momento. En caso de empregar bolígrafo ou outro material na xestión, o director será o encargado de desinfectalo tras seu uso, ó igual que a cadeira que empregue a familia para sentarse.

17. Actividades extraescolares

- As actividades extraescolares fóra da xornada lectiva quedan suspendidas temporalmente pola ANPA.
- As actividades extraescolares que propoñan a ANPA teñen que ser compatibles coa limpeza do centro proposta no presente protocolo (ver apartado servizo de limpeza do centro)
- No caso de querer realizar algún tipo de actividade a ANPA deberá de realizar un protocolo propio dos espazos dos que pode dispor (salón de actos e/ou ximnasio), para que o equipo COVID do centro autorice o mesmo e poder realizar as actividades que propoñan.
- De ser denegado polo equipo COVID o protocolo que presente a ANPA, poderá presentalo ante o Consello Escolar para o seu debate e aprobación.
- Nas actividades extraescolares o emprego da máscara será obrigatorio para o alumnado de Educación Primaria e para calquera persoa que non sexa o alumnado de Educación Infantil.

18. Protocolo de lavado de mans

- No centro educativo establécese un protocolo de lavado de mans para combinar xunto co emprego do xel desinfectante nas mans. Este protocolo realízase para non abusar do xel desinfectante de mans nas persoas que conforman o centro educativo.
- A posta en marcha de este protocolo de lavado de mans, non exime ó profesorado e alumnado do emprego de xel desinfectante tantas veces como sexa preciso.
- O protocolo de lavado de mans realizarase nos seguintes momentos da xornada lectiva:
 - 10:00: cando soe o timbre de comezo da xornada para o alumnado e antes de acceder o espazo físico das aulas
 - 11:50: cando toque o timbre para o recreo
 - 12.20: unha vez que soe o timbre de fin de recreo
 - 13:30: cando soe o timbre fin actividade lectiva da mañá e antes de entrar ó comedor.
 - 14:00: despois de comer
 - 15:00: cando soe timbre de entrar ás aulas e antes de acceder as mesmas
 - 16:25: cando soe o timbre antes de acceder ó transporte escolar/ir para casa.
- Para realizar o lavado de mans cada grupo de alumnos/as empregará o seu baño de referencia xunto co mestre/a que por horario de aula teña clase co grupo nese momento (o resto de persoal do centro que non teña docencia nese intre realizará o lavado no seu baño determinado de referencia explicado no presente protocolo no apartado 5, organización dos espazos de docencia e baños do centro). En cada baño contarase con xabón e toallíñas desbotables xunto con unha papeleira sen tapa.

Grupo estable	Baño lavado mans	
Aula 5º e 6º Infantil	Baño Infantil	
Aula 4º Infantil	Baño Comedor	
Aula 1º e 2º Primaria	Baño alumnas	Baño nenas
	Baño alumnos	Baño nenos



Aula 3º e 4º de Primaria	Baño alumnas	Baño nenas
	Baño alumnos	Baño nenos
Aula 5º Primaria	Baño alumnas	Vestiarío nenas
	Baño alumnos	Vestiarío nenos
Aula 6º Primaria	Baño alumnas	Vestiarío nenas
	Baño alumnos	Vestiarío nenos

O baño establecido para o persoal do centro no caso de non atoparse con algún dos grupos estables no momento de realizar o protocolo de lavado de mans e o seguinte:

- Titora 4º Infantil: baño comedor
- Titora 5º/6º Infantil: baño ext.
- Titora 1º/2º Primaria: baño nenas.
- Titor 3º/4º Primaria: baño nenos.
- Tiro 5º primaria. baño ext.
- Titor 6º Primaria: baño M
- Mestra Inglés: baño F
- Auxiliar Técnico Educativo: baño Mestres
- Cociñeiro: baño cociña
- Mestra Relixión: Baño ext.
- Orientador: Baño ext.
- Mestre PT/AL: Baño minusválidos
- Auxiliar conversa: Baño minusválidos
- Docente ARCO: baño minusválidos.

Compre aclarar que o baño denominado baño ext., conta con catro cubículos individuais con porta e pecho para que o usen 4 persoas con total seguridade e baixo as máximas medidas de hixiene.



19. Medidas de limpeza do centro

- No centro educativo a ventilación e desinfección realizarase entre o profesorado do centro e o servizo de limpeza do concello de Lobios.
- As tarefas do profesorado durante toda a xornada lectiva son as seguintes:
 - Desinfección dos materiais empregados.
 - Desinfección se fose preciso de cadeiras ou mesas motivado porque algún alumno/a tocouse ou non empregase a súa cadeira ou mesa establecida.
 - Colaboración na ventilación de aulas cando a situación metereolóxica o permita:
 - Fiestras abertas durante o recreo, no tempo de ir a comer e á hora de ir para a casa nas aulas estables, cando o tempo sexa favorable.
 - Abrir fiestras e pechallas no recreo durante 5-10 min e antes de entrar ás aulas despois de comer cando o tempo non sexa favorable polo frío.
- O persoal de limpeza do Concello de Lobios realizará a desinfección en 3 momentos do día:
 - Entre as 11:50 e as 12:20: desinfección de baños, pasamáns e pomos de portas do centro.
 - Entre as 14:30 e as 15:00: desinfección de baños, pasamáns e pomos de portas do centro.
 - Dende as 16:30 en diante: ventilación do centro, desinfección de aulas, baños, pasamáns, pomos, e demais dependencias do centro educativo, como ximnasio, biblioteca, despachos, sala de mestre...)
- Ademais o concello de Lobios desinfectará o areeiro e os patios do centro educativo tódolos venres despois de que ningunha persoa permaneza no centro educativo (das 17:00 horas en diante).
- O persoal de limpeza do Concello de Lobios accederá pola porta de entrada ó patio, empregando o material de desinfección de mans e calzado e empregará a máscara en todo momento.
- En cada baño haberá un control de limpeza dos mesmo que deberá ser asinado pola persoa que realice a desinfección.
- En cada aula haberá un control de ventilación da mesma que deberá ser asinado pola persoa que realice a ventilación.



20. Material de protección

- O centro educativo unha vez recibida a dotación inicial por parte da Consellería, garantirá a existencia de xel desinfectante e máscaras no suposto de que algunha persoa acceda ó centro sen ela.
- Como queda establecida a obrigatoriedade do emprego da máscara por parte de tódalas persoas do centro educativo, agás o alumnado de Educación Infantil, o equipo COVID entende que a dotación de máscaras para alumnado ten que correr a conta das familias e para o persoal do centro a cargo individual.
- O centro propoñerá ás familias que acheguen ó centro 2 máscaras por alumno/a de máis de 25 lavados para que o Equipo COVID as garde e custodie por se nalgún momento un alumno/a non conta coa súa máscara. Proporáselle ás familias que cada grupo estable teña unha cor determinada, pero no caso de telas xa adquiridas e para non ocasionarlles gastos innecesarios, permitirase que non se siga ese criterio.
- O centro pedirá ás familias unha caixa/estoxo para gardar á máscara o alumnado nos momentos puntuais que non a empreguen.
- O centro realizará a compra de xel desinfectante para garantir que haxa en todo momento. Pedirá a colaboración das familias coa incorporación de 1 litro de xel por alumno/a, e así facilitar a adquisición de xel.
- En cada espazo do centro haberá unha mesa de desinfección na entrada, tal e como se mostra nos planos/esquema no apartado 6 do presente protocolo.
- O centro dotará de mamparas de separación a aula de 5º/6º de Educación Infantil, 5º/6º de Primaria; e os curso de 1º- 2º- 5º e 6º de Primaria no comedor.
- O centro non establece o emprego de luvas de protección, debido a que as autoridades sanitarias o desaconsellan por ser un foco de acumulación do Virus. O emprego de luvas quedará reducido a momentos puntuais no caso de ter que cambiar a algún alumno/a de roupa ou no caso de ter que limpar algunha ferida superficial.
- O centro contará con baldes para o lixo en todos os espazos. Estes baldes serán con tapa e pedal obrigatoriamente nos baños e na aula de desinfección; e recoméndase no resto de espazos.
- O centro dotará a cada aula dunha pistola de desinfección de material para que os mestres/as desinfecten o material do alumnado que sexa susceptible de ser compartido.

21. Xestión dos abrochos

- Non asistirán ó centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ó centro as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.
- Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de preparación y Respuesta: *“Guía de actuación ante la aparición de casos COVID-19 en centros educativos” e das instrucións publicadas o día 10 de setembro polo Ministerio de Sanidade*. Seguirase un protocolo de actuación previsto con antelación: levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu MAP. De confirmarse o positivo, o equipo Covid do centro escolar comunicará os datos do positivo ao centro de saúde de referencia e incluírá á rede de contactos a través da aplicación de “EduCovid” para a identificación da autoridade sanitaria.
- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos, os do compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ó centro educativo. A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das



persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda d autoridade sanitaria incorporarase a mesma información.

- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.
- Trala aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da autoridade sanitaria.
- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado en contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto na : “ *Guía de actuación ante la aparición de casos COVID-19 en centros educativos*”, e co “ *Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e control da infección do SARS-Co – V- 2*”
- Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera alumno , ou profesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia < 2 metros ao arredor do caso confirmado durante máis de 15 min sen utilizar a máscara os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.
- As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado (cunha obriga de illamento 10 días)deberán entrar en corentena, estando corentenados nos seus domicilios e suspenderán mentres dure este a ensinanza presencial polo un período de 14 días. O restante alumnado da aula que non teñan a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección COVID-19.
- En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido un gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran o centro educativo. A medida

será proposta pola autoridade sanitaria dentro do grupo de coordinación e seguimento pandemia.

- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo na, **Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional** pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 e na **Resolución da Secretaría Xeral 80 de Educación e Formación Profesional** pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia.
- Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. O grupo de coordinación e seguimento da pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medias específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ó centro
- As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluídos en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

O modelo proposto establece catro fases:

- **Fase 1 (Adecuación dos espazos)**

Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Adecuada distribución do espazo do alumnado, distribuíndo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis de 1 metro entre eles.
- Redefinición dos circuítos de circulación interna.
- Reorganización das quendas de recreo para que se realicen de forma graduada.
- Reorganización das quendas para o horario da comida.

- **2. Fase 2 (Formación de pequenos grupos)**

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30%. Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento.

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Defínense uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.
- Utilización do espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.
- Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.
- Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV-2.

- **3. Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)**

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60%.

Nesta fase o alumnado continuarán formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.

Obxectivos:

- Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva.
- Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos.

- **4. Fase 4 (Fase de reactivación)**

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100% se fose posible manter dentro da aula 1 metro de distancia física. Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.

Obxectivos:

- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.
- Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para do alumnado.
- O recreo e a comida será realizada en dúas ou tres quendas.

- **Responsable/s das comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa**

- O responsable de realizar as comunicacións será a persoa que exerza a dirección do centro, e na súa ausencia, algún dos membros do equipo COVID-19 do centro educativo.

22. Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade

- Atendendo ao apartado 9 do *protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de ensino non Universitario de Galicia para o curso 2020-2021* a persoa solicitante do suposto de vulnerabilidade entregará á persoa que exerza a dirección do centro o anexo debidamente cuberto xunto coa documentación que deba achegar. Esta documentación poderá entregarse de xeito presencial ou enviándoa ao correo do colexio ceip.doxures@edu.xunta.es

- Unha vez revisada e rexistrada, esta documentación será enviada vía mail á xefatura territorial correspondente, en espera da resolución da mesma.
- Se procede, tramitarase a solicitude de persoal substituto na aplicación *persoalcentros* reflectindo no apartado *observacións* a casuística.

23. Medidas específicas para o alumnado de educación infantil

A pesar de que en Infantil se forman grupos de convivencia estable, establécense unha serie de pautas e variacións con respecto a cursos anteriores que permitan minimizar, na medida do posible, o risco de contaxio e propagación.

Este é un ciclo no que a idade do alumnado e a súa etapa evolutiva invitan á experimentación, á vivenciación, ao intercambio, ao contacto e á liberdade; que xustamente entran en conflito coas medidas de seguridade para evitar contaxios.

Non renunciar a esas características ao mesmo tempo que intenta minimizar os riscos é algo complexo e que se intenta facer da seguinte maneira:

- **Asemblea:**

No canto de facela todo o alumnado sentado e xunto na zona de tarima, realizarase cada un sentado no seu lugar nas mesas, excepto o encargado do día que lava a cabo as rutinas iniciais, que ocupará a zona que se destinaba a todo o grupo. Dentro desas rutinas habituais incluírase a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico, así como a hixiene correcta de mans. Neste sentido, deixar claro que nestas aulas o dispensador de xel non estará na parede ao alcance dos nenos, xa que isto podería supoñer un risco, polo que nestas aulas a zona de desinfección estará fóra do alcance do alumnado, para ser manipulado polo persoal adulto.

- **Colocación do alumnado / agrupamentos:**

Variará a distribución do alumnado na aula, que en vez de estar nunha mesa en gran grupo pasarán a colocarse en mesas dobres separados por mamparas de protección. As mesas dobres serán estables e tratarase de reducir a interacción global entre grupos.

- **Recunchos:**



O alumando das mesas dobres creadas para a colocación na aula será o mesmo para o xogo en recunchos. O material dos recunchos reducirase ao imprescindible e eliminaranse aqueles obxectos susceptibles de levar á boca.

Antes de ir aos recunchos realizarase unha limpeza de mans e unha vez finalizados repetirase esta acción. É importante o traballo de concienciación para que non leven obxectos e mans á boca.

Os recunchos poderán empregarse baixo a supervisión da mestra, sendo a encargada de desinfectar todo o material unha vez empregado o recuncho por a parella de alumnado e antes de ser empregado por outra parella.

- **Uso de baños:**

O baño asignado para cada aula de Infantil (ver apartado 5 do presente protocolo) será empregado de xeito individual polo alumnado, e a mestra supervisará a correcta utilización do mesmo e velará polas medidas de hixiene do alumando. Despois de cada uso a mestra desinfectará coa pistola de desinfección do material e pasarase un pano de papel (no caso do alumando de 4º de Infantil, xa que se teñen que desprazar para empregar o seu baño asignado, a Auxiliar técnico Coidadora colaborará na medida do posible con esa aula, tanto para velar pola saúde do alumnado como na desinfección antedita especificada).

A maiores, realizarse a limpeza e desinfección completa tres veces por xornada lectiva como indica a norma xeral do protocolo.

- **Uso de máscara:**

Aínda que a normativa para educación Infantil non a esixa, créese que o emprego da mesma en espazos comúns e recreos será beneficioso, tanto a nivel de protección como para xerar un hábito moi recomendable entre a poboación.

Será labor conxunta de familias e escola traballar os hábitos correctos para colocalas e quitelas de xeito correcto, así como a maneira de gardalas na funda.

- **Material:**

Antes do comezo de curso facilitarase a listaxe co material propio que debe ter o alumnado. Entre este material será moi importante que haxa unha funda para as máscaras con cordón, que permita levala colgada no pescozo.

- *Material común:* colocarase en gabetas exclusivas para cada grupo. Antes do emprego de material común procederase á limpeza de mans e posteriormente aplicarase a desinfección por parte da mestra.



- Dentro do material común haberá material de uso individual, que estará gardado en bolsas co nome de cada alumno.

- **Aniversarios:**

Para celebrar os aniversarios de xeito seguro, realizarase como no curso anterior, no último venres de mes, a celebración de tódolos aniversarios do centro. A torta, será comparada polo centro, partida en pedazos polo cociñeiros e repartida ao alumnado de forma segura polos mestres das diferentes quendas de comedor.

O alumno homenaxeado non soprará as velas e será portador dos distintivos que se lle dean ese día no comedor.

- **Merenda:**

No momento da merenda cada alumno comerá no seu sitio de estar sentado para ter a maior seguridade posible (a merenda en Infantil realizase na aula antes de saír ao recreo, ou despois do mesmo no horario de setembro e xuño).

Resulta moi difícil que todo o alumnado desta etapa sexa autónomo para este labor, requirindo en moitas ocasións a axuda do profesorado, que, neste caso puntual, desinfectará as mans entre axuda e axuda do alumnado.

Este curso será máis importante ca ningún outro respectar as merendas que se propoñan no calendario ao inicio de curso, porque dese xeito poderá preverse mellor o tipo de axuda que van requirir os nenos.

- **Actividades e xogos:**

O patio permite unha dispersión do alumnado e que poidan evitarse aglomeracións. A diferenciación de espazos de xogo para as aulas estables facilita as medidas de seguridade no alumnado. Tal e como se relata no apartado de organización de patios, as dúas aulas de Infantil intercambiarán a zona de xogo semanalmente despois da desinfección realizada polo Concello cada venres, e tras verificar o Equipo COVID que esa desinfección foi realizada.

Ademais, propóranse diversos xogos que permitan a diversión sen contacto e con menos nivel de risco, como poden ser os xogos de precisión, os motórico-coordinativos (mariola, xoaniña, goma, comba), as agachadas.



24. Medidas específicas para o alumnado con NEE

- Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais establécese a obrigatoriedade do uso das máscaras dentro e fóra da aula aínda que se cumpra coa distancia mínima (alumnado de Educación Infantil, no caso de ter que acudir a esta aula empregará a máscara nos desprazamentos). No caso de non poder facer uso da mesma optarase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de pantallas e mamparas así como manter a distancia de seguridade de 2 metros (sesións de Audición e Linguaxe).
- O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira non respectar a distancia de seguridade.
- No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ó baño, tras esbirrar ou tusir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía e contando coa colaboración da Auxiliar de Atención Educativa.
- A Auxiliar de Atención Educativa deberá extremar as medidas de hixiene e empregar luvas se necesita realizar contacto físico co alumnado.
- No caso de que exista material específico dalgún alumnado, dito material só poderá ser manipulado polo alumnado en concreto ou por o/a mestre/a a cargo.
- Asignarase un aseo no centro no que se intensificará a limpeza e a desinfección como medida de prevención de risco, se nalgún momento fose preciso por o alumnado presentar severidade nas súas NEE (no momento de elaboración do protocolo non existe esa casuística no centro educativo).
- O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene do alumnado que precise medidas extraordinarias das estipuladas para o alumnado en xeral no presente protocolo alumnado precisa para a súa atención.
- O centro educativo, de ser preciso, axustará todas as indicacións e comunicacións dirixidas a este alumnado que ten escolarizado, aos diferentes sistemas de comunicación utilizados co alumnado con necesidades educativas especiais.

25. Medidas de carácter formativo e pedagógico

- **Formación en educación en saúde:**

De conformidade coas previsións do plan de formación do profesorado e cos programas formativos existentes no centro intensificarase a educación en saúde, particularmente na prevención fronte a COVID-19. Propóranse actividades que ao longo do curso se realizará co alumnado e unha previsión xeral do carácter transversal da prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2).

Ó longo de todo o curso e de xeito transversal terá un carácter prioritario a prevención e hixiene fronte á covid-19.

Con respecto a este punto, cumpriranse coas premisas descritas no protocolo das Consellerías de Educación e Sanidade.

- **Difusión das medidas de prevención e protección:**

Difundirase toda a información de relevancia con respecto a este tema, en especial ás enviadas polas Consellerías de Educación e Sanidade.

Do mesmo xeito, facilitarase o acceso a documentación e charlas formativas de interese.

Empregaranse todas as canles de comunicación coas que conta o Centro Educativo:

- Páxina web.
- Blog de centro
- Grupo whatsapp da ANPA.
- Lista de difusión na aplicación do whatsapp entre a dirección do centro e as familias do centro.

- **Coordinación e xestión e dinamización das aulas virtuais**

A persoa encargada de exercer a coordinación das TIC'S será a encargada de coordinar a implantación das aulas virtuais de *Moodle*: obrigatorias de 3º a 6º de Primaria, optativa en 1º e 2º de Primaria; o blog de *Blogger* do centro en tódolos cursos; e o aplicativo *Falemos* para as videoconferencias a comunicación coas persoas asesoras Abalar ou Dixital e coa UAC; o persoal



docente designado colaborará cos compañeiros que teñan maior dificultade na implantación das aulas e divulgará as accións de formación que estean dispoñibles para o conxunto do persoal docente e dos contidos existentes.

Presuponse no profesorado do centro unha formación básica que lle permite empregar as aulas virtuais e dixital, como quedou demostrado ao longo do curso 19/20. En calquera caso, o coordinador do equipo Tics será o responsable do traballo de mantemento da aula virtual, *blog do centro*, (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica), que, a día de hoxe, xa está preparada para o comezo de curso cos cursos do 2020/2021 creados. O resto de funcións (comunicación coa UAC, co responsable Abalar de zona, divulgar accións de formación...) tamén forman parte das tarefas do equipo Tics, polo que non supón ningún cambio.

As url dos diferentes Blogs e a aula virtual de Moddle son os seguintes:

CURSO	URL BLOG	URL AULA VIRTUAL
4º INFANTIL	https://aula3anosceipdoxures.blogspot.com/	
5º E 6º INFANTIL	https://mestra4e5anosxures.blogspot.com/	
1º E 2º PRIMARIA	https://1e2primariaceipdoxures.blogspot.com/	https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdoxures/aulavirtual/my/
3º E 4º PRIMARIA	https://3e4primariaceipdoxures.blogspot.com/	https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdoxures/aulavirtual/my/
5º PRIMARIA	https://o-blog-de-5-de-primaria.webnode.es/	https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdoxures/aulavirtual/my/
6º PRIMARIA	https://6primariaceipxures.blogspot.com/	https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdoxures/aulavirtual/my/

O desenvolvemento do proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado do centro en case de ensino semipresencial ou non presencial desenvólvese no Plan de Continxencia do centro que se publicará conxuntamente co presente Protocolo a través das mesmas canles de difusión.

- **Previsións derivadas do documento “Instrucións de inicio de curso”**

O inicio do curso escolar realizarase en dous días. Po unha banda, o xoves 10 de setembro iniciarán o curso escolar os cursos de 4º e 5º de Educación Infantil e os cursos de 1º-2º-3º de Educación Primaria tal como recolle a instrución pertinente da Consellería de Educación. O venres 11 de setembro incorporárase o resto do alumnado do centro educativo.


Levará recollido tamén unha estimación do período de adaptación para o alumnado de 4º de Educación Infantil.

26. Difusión e seguimento do protocolo

- **Difusión do plan:** O protocolo é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa, será obxecto de difusión na páxina web do centro e por aquelas canles que o centro considere oportunas:
 - Blog de centro
 - Grupo whatsapp da ANPA.
 - Lista de difusión na aplicación do whatsapp entre a dirección do centro e as familias do centro.
- A **versión 1** do presente protocolo de adaptación á situación COVID-19 será publicada no medios anteriormente descritos o 28 de agosto para que toda a comunidade educativa teña coñecemento do mesmo.
Está previsto que dende a súa publicación e ata o día 4 de setembro se vaian recibindo achegas de calquera membro da comunidade educativa para poder publicar unha versión definitiva a finais de agosto. As achegas poderán facerse a través do correo electrónico ceip.doxures@edu.xunta.gal
- A versión 2 do presente protocolo aprobarase en Claustro o día 9 de setembro do 2020 e tamén en Consello Escolar o día 9 de setembro do 2020.
- Unha vez aprobado o presente protocolo, o mesmo poderá ser modificado por causa xustificada de calquera membro da comunidade educativo ou polas necesidades que poidan xurdir da evolución da situación sanitaria, sempre baixo a Aprobación do Equipo COVID e posterior informe das modificacións ó Claustro e ó Consello Escolar do centro Educativo.


Anexo I. Esquemas de movemento polos espazos do centro

- Percorrido xeral polos corredores e entrada/saída ao centro do alumnado







- Percorrido aula de 4º de Educación Infantil




- Percorrido aula de 5º/6º de Educación Infantil




- Percorrido aula de 1º/2º de Educación Primaria




- Percorrido aula de 3º/4º de Educación Primaria



- Percorrido aula de 5º de Educación Primaria




- Percorrido aula de 6º de Educación Primaria







- Percorrido aula Inglés 5^a/6^o de Educación Primaria



- Percorrido aula Música 5ª/6º de Educación Primaria




- Percorrido aula Música e Psicomotricidade 4º de Educación Infantil




PERCORRIDO XERAL ALUMNADO

- Percorrido aula Música e Psicomotricidade 5/6º de Educación Infantil



PERCORRIDO XERAL ALUMNADO

- Aula de PT/AL





Anexo II. Rexistro de Ausencias por Sintomatoloxía Compatible co COVID-19

DATA	
MESTRE/A	
ALUMNO/A	
SÍNTOMAS DESCRITOS	
ACUDIU AO MÉDICO	
DIAGNÓSTICO FINAL	
MEDIDAS ACONSELLADAS	



Anexo III. Rexistro ventilación e desinfección aula/baño

DENOMINACIÓN BAÑO / AULA PROTOCOLO	
ENCARGADO/A	
SEMANA	DO Ó.....DE DO 202...
MES	

VENTILACIÓN	HORA 11:50 A 12:00	HORA 14.50 A 15:00	HORA +16.30
LUNS			
Ventilación			
Desinfección			
MARTES			
Ventilación			
Desinfección			
MÉRCORES			
Ventilación			
Desinfección			
XOVES			
Ventilación			
Desinfección			
VENRES			
Ventilación			
Desinfección			



Anexo IV. Rexistro Desinfección cocíña/comedor

DENOMINACIÓN ESPAAO PROTOCOLO	COCIÑA		COMEDOR		
ENCARGADO/A					
SEMANADE DO 202...				
MES					
TRABALLO REALIZADO	LUNS	Ventilación		Desinfección	
	MARTES	Ventilación		Desinfección	
	MÉRCORES	Ventilación		Desinfección	
	XOVES	Ventilación		Desinfección	
	VENRES	Ventilación		Desinfección	
SINATURA					



Anexo V. Limpeza doutros espazos do centro educativo

DENOMINACIÓN ESPAZO PROTOCOLO					
ENCARGADO/A					
DATADE DO 202...				
HORA					
TRABALLO REALIZADO	VENTILACIÓN:	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	DESINFECCIÓN:	<input type="checkbox"/>
SINATURA					



Anexo VI. Rexistro temperaturas alumnado transporte escolar

LÍNEA AUTOBÚS	
ENCARGADO/A	
SEMANA	DO Ó.....DE DO 202...
MES	

Temperatura igual ou maior a 37,5º? (SI/NON) (dáse a posibilidade de recoller a temperatura exacta)

REXISTRO TEMPERATURAS					
NOME ALUMNO/A	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES



Anexo VII. Rexistro temperaturas alumnado non transporte escolar

SEMANA	DO Ó.....DE DO 202...
MES	

Temperatura igual ou maior a 37,5º? (SI/NON) (dáse a posibilidade de recoller a temperatura exacta)

REXISTRO TEMPERATURAS					
NOME ALUMNO/A	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
SINATURA MESTRE/A que anota rexistro					



Anexo VIII. Rexistro temperaturas persoal centro

SEMANA	DO Ó.....DE DO 202...
MES	

Temperatura igual ou maior a 37,5º? (SI/NON) (dásese a posibilidade de recoller a temperatura exacta)

REXISTRO TEMPERATURAS					
NOME	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES



Anexo IX. Relación de situacións de posible contaxio e medidas de tratamento

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDAS PROPOSTAS
Antes da xornada	Alumnado, familias e mestres/as	Aéreo/ contacto	Entrada no recinto escolar	Obrigatorio máscara. Dispersión horaria e accesos e rutas distintas
Antes da xornada	Alumnado e mestres/as	Contacto	Mochilas e saúdos	Evitar contacto físico
Inicio da xornada	Alumnado	Aéreo / contacto	Chegada ás aulas e colocación de material	Máscara e lugares habilitados para deixar o material
Durante a xornada	Mestre/a	Aéreo	Dando instrucións ao alumnado	Facelo con distancia de seguridade e usando a máscara.
Durante a xornada	Alumnado	Aéreo	Exposicións orais	Distancia e máscara
Durante a xornada	Alumnado	Aéreo	Traballo cooperativo	Distancia de seguridade e ton de voz baixo
Durante a xornada	Mestre/a e alumnado	Contacto	Máscaras	Empregar bolsa identificadora para gardalas
Durante a xornada	Alumnado	Aéreo	Merenda	Sitio establecido ou espazo aberto e facelo de forma individual
Durante a xornada	Alumnado, persoal centro	Aéreo / contacto	Comedor	Sitio establecido. Mamparas donde é preciso
Durante a xornada	Alumnado	Aéreo / contacto	Recreo	Evitar o contacto físico. Uso de máscara.
Durante a xornada	Alumnado	Contacto	Emprego de material común	Hixiene de mans e desinfección do material
Fin da xornada	Alumnos e familias	Aéreo	Despedida	Empregar a máscara e evitar aglomeracións
Despois	Mestres/as	Aéreo / contacto	Recollida de material	Ventilación e hixiene de mans



Anexo X. Relación de situacións de posible contaxio e medidas de tratamento en Educación Física

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDAS PROPOSTAS
Antes da sesión	Alumnado e Mestre	Aéreo / Contacto	Entrada na instalación	Obrigatorio o uso de máscara
Antes da sesión	Alumnado	Contacto	Mochilas e neceseres	Habilitar un espazo delimitado para deixalas
Durante a sesión	Mestre	Aéreo	Dando instrucións ao alumnado	Facelo con distancia de seguridade. Uso de máscara.
Durante a sesión	Mestre	Contacto	Chocando mans ou tocando para demostracións	Evitar contacto.
Durante a sesión	Mestre e alumnado	Contacto	Máscaras mentres fan deporte	Empregar bolsa identificativa para gardalas.
Durante a sesión	Alumnado	Contacto	Xogos en si	Evitar o contacto físico
Durante a sesión	Alumnado	Contacto	Emprego de material común (balóns e outros)	Desinfección de material antes e despois. Desinfección de mans antes e despois.
Despois da sesión	Alumnos	Aéreo / Contacto	Emprego de vestiarios e aseos	Empregar os baños asignados. Establecer quendas. Evitar sentarse nos bancos. Desinfección e limpeza frecuentes.
Despois da sesión	Mestre	Contacto	Recollida de material	Limpeza de mans despois da recollida. Evitar tocar a cara mentres se recolle.



Anexo XI. Enquisa de autoavaliación clínica do Covid-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

¿Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		



Anexo XII. Declaración responsable familias

Dende o centro educativo empregarase a seguinte declaración responsable para que as familias asinen e asuman a obriga de realizar a enquisa de autoavaliación diaria antes de que o alumnado se dirixa dos seus fogares cara o centro educativo empregando o servizo de transporte escolar ou no caso de vir a pé.

MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a _____ con DNI número _____ como pai/nai/titor/a legal do alumno/a _____, matriculado no curso de _____ no Ceip Plurilingüe do Xurés

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE realizará ó alumno/a a ENQUISA de Autoavaliación clínica do COVID-19 diariamente e se compromete e NON envialo ó centro educativo e mantelo en illamento preventivo domiciliario nos seguintes supostos relatados na Enquisa de Autoavaliación:

- Se o alumno/a ten síntomas compatibles coa COVID-19, poñéndose en contacto co seu pediatra e co centro educativo.
- Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o/a alumno/a non poderá acudir ó centro educativo ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado ó centro educativo preferiblemente a persoa coordinadora COVID do centro.

O centro escolar informa que no caso de incumprir esta declaración responsable e se produza unha situación de posible risco para a saúde da comunidade educativa, trasladará esta situación as autoridades pertinentes para que tomen as determinacións que consideren oportunas.

En Lobios, a ____ de _____ do 2020

Asinado: _____

Anexo XIII. Protocolo a realizar dentro da aula de desinfección

Ante unha situación de posible sintomatoloxía compatible con COVID-19 no alumnado, illarase na aula de desinfección o alumno/a acompañado/a do mestre ou mestra que se encontre co alumno/a nese intre (no caso de ser un adulto illarase el só e avisará ó coordinador COVID-19).

Pasos a seguir ante un posible caso COVID	
1º	O alumno/a que amose síntomas compatibles co COVID-19 comunicarllo ó mestre/a co que se atope nese momento.
2º	O mestre/a avisará ó docente que este de garda para que suba a aula a quedarse co resto do alumnado co que estaba en ese momento. Avisará tamén ó coordinador COVID-19 do centro para que inicie o proceso ante un posible caso COVID-19 (ver apartado 4.3 do protocolo). De non estar o coordinador COVID-19 no centro deberá informarse a algún membro do equipo COVID-19 para que realice esta función.
3º	O mestre/a e o alumno/a con síntomas acudirán a aula de desinfección.
4º	Na aula de desinfección o mestre/a retirará a máscara que o alumno/a leve posta nese momento e a botara no balde de lixo con dobre bolsa, tapa e pedal marcándoa cun X.
5º	Colocaralle unha máscara cirúrxica ó alumno/a e lle pedirá ó alumno/a que se coloque na camilla.
6º	Realizará o mesmo protocolo coa máscara o docente. Poñerese máscara cirúrxica no caso de que a persoa con síntomas a leve. De forma excepcional e o caso específico de que o alumno/a teña unha exención de o uso de máscara por xustificación médica ou ben sexa menor de 6 anos, a persoa acompañante empregará unha máscara FFP2, ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Se non houberse dispoñibilidade de máscara FFP2, poderá empregarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización de pantalla.
7º	O coordinador COVID-19 chamará a familia do alumno/a para que acuda ó centro educativo. Explicaráselle que teñen que chamar ao pediatra para informarlle da situación. De non poder presentarse ningún responsable do alumno/a chamarase ós servizos sanitarios de emerxencia.

No caso de que coincidan máis dun caso ó mesmo tempo, os restantes casos agardarán acompañados por unha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ó edificio ou noutro lugar interior con ventilación axeitada.



Anexo XIV. Declaración responsable ausencia ante posible contacto cun positivo en COVID-19

DECLARACIÓN RESPONSABLE

(apartado 2.A.3 do Protocolo de Adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/21)

DATOS DA PERSOA DECLARANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
CORREO ELECTRÓNICO:		TELÉFONO:	
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
CORREO ELECTRÓNICO:		TELÉFONO:	
CORPO E ESPECIALIDADE (para o persoal docente)			
CORPO:			
ESPECIALIDADE:			
GRUPO OU SUBGRUPO/CATEGORÍA PROFESIONAL E DESCRICIÓN (para o persoal non docente)			
DATOS DO CENTRO DE DESTINO			
CÓDIGO:	NOME:		
ENDEREZO:			
C.P.:	CONCELLO:	PROVINCIA:	

DECLARACIÓN RESPONSABLE:
Declara responsablemente de acordo co apartado 2.A.3. do Protocolo de Adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/21:
<ul style="list-style-type: none"> • Que convive cunha persoa do núcleo familiar sospeitosa de padecer a COVID-19 • Que non acudirá ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. • Que a persoa afectada ou a súa familia comunicará de modo inmediato o resultado da proba cando estea dispoñible á persoa coordinadora COVID do centro

SINATURA DA PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE			
Lugar e data	,	de	de



O presente “PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-2021”, foi aprobado polo Claustro de Profesores do Ceip Plurilingüe do Xurés con data do mércores 9 de setembro do 2020.

O presente “PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-2021”, foi aprobado polo Consello Escolar do Ceip Plurilingüe do Xurés con data do mércores 9 de setembro do 2020.

E para que así conste e para os efectos oportunos asínase o modificación 6 do presente Plan.

En Lobios, a 26 de novembro do 2020

O director

Alberto Pérez Rodríguez